

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR (FBGS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO LABORAL DUNHA PROFESIONAL FACULTATIVA INVESTIGADORA, CONCEDIDO AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA GALICIA SUR (IISGS), A TRAVÉS DA FBGS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA CLÍNICO JUNIOR 2023 DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN DA FUNDACIÓN CIENTÍFICA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER (AECC) PARA A INCORPORACIÓN DUN FACULTATIVO CON EXPERIENCIA INVESTIGADORA DENTRO DUN SERVIZO DE ONCOLOXÍA

Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2023.

REUNIDOS

Dunha parte, **don Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade, nomeado por Decreto 112/2020, de 6 de setembro, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas Leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e nos Decretos 136/2019 e 137/2019, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; así como no establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E doutra, **don Francisco Javier Puente Prieto**, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Biomédica Galicia Sur, en virtude do seu cargo como titular da Área de Xestión Integrada (AS) de Vigo, segundo se establece no artigo 16.2.a) dos seus estatutos, e en virtude da aceptación expresa da presidencia, en data 29 de Setembro de 2020, do Padroado da Fundación Biomédica Galicia Sur, fundación inscrita co número 2002/17 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Sanidade.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a Fundación Biomédica Galicia Sur (en adiante: FBGS) é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico; e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional,

caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a FBGS serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

Segundo.- Que o IISGS é un Instituto de Investigación Sanitaria que se conforma actualmente mediante a asociación das Areas Sanitarias (AS) de Vigo, Pontevedra-O Salnes y Ourense-Verin-O Barco de Valdeorras, que engloba os centros de atención hospitalaria, atención especializada e atención primaria das áreas sanitarias de Vigo, Pontevedra-O Salnes e Ourense-Verin-O Barco de Valdeorras, xunto coa Universidade de Vigo (UVigo) e a Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS) como órgano xestor.

O IISGS ten entre as súas principais funcións:

1. Fomentar a colaboración entre investigadores do ámbito básico, clínico, de saúde pública e en servizos de saúde.
2. Promover a investigación traslacional e a innovación que teñan aplicacións e repercusións clínicas.
3. Fomentar a colaboración entre os centros de investigación das entidades que integran o Instituto e outros pertencentes a outras institucións de investigación no ámbito autonómico, estatal e supraestatal.

O IISGS carece de personalidade xurídica propia, polo que os actos xurídicos necesarios para a consecución dos seus fins son adoitados pola FBGS, como órgano de xestión do Instituto de acordo co Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de Institutos de investigación biomédica ou sanitaria.

Terceiro.- Que a *FUNDACIÓN CIENTÍFICA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER (en adiante AECC)* aprobou as bases dunha convocatoria de axudas financeiras para Facultativos Investigadores para o desenvolvemento dun proxecto de investigación en cancro en España, coa finalidade de promover a vocación investigadora entre os profesionais clínicos e contribuír así ao fomento da investigación na contorna clínica.

Cuarto.- Que dona Carme García Benito solicitou, a través da FBGS e ao abeiro de dita convocatoria, unha axuda destinada a incorporación aos centros asistenciais do SNS de persoal facultativo con experiencia investigadora e cuxo obxecto é a contratación de profesionais, en entidades sanitarias públicas con actividade asistencial, para o desenvolvemento dun proxecto de investigación en cancro que simultanearán con actividade asistencial correspondente a súa especialidade.

Quinto.- Que o 13 de xuño de 2023 comunícase, por parte do Padroado da AECC, a concesión dunha axuda a dona Carme García Benito para a súa incorporación no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Sexto.- Que en virtude da citada convocatoria, establécese que *"Esta axuda destinarase integramente ao financiamento dun contrato laboral entre o investigador e o centro hospitalario de acordo con a normativa vixente. Neste sentido, o centro de investigación e o centro hospitalario deberán dispoñer dun convenio asinado polo cal o centro hospitalario delega no centro de investigación a xestión da investigación"*.

Que, á vista de canto antecede, as Partes conveñen en outorgar o presente convenio con suxeción ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes para a formalización dun contrato eventual de incorporación dunha facultativa investigadora para a prestación de servizos no Servizo de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, concedido ao IISGS a través da FBGS ao abeiro da convocatoria Clínico Junior en el Territorio AECC 2023 de concesión de axudas financeiras para Facultativos Investigadores para o desenvolvemento dun proxecto de investigación en cancro en España, coa finalidade de promover a vocación investigadora entre os profesionais clínicos e contribuír así ao fomento da investigación na contorna clínica.

Segunda.- Compromisos das partes

Pola parte do IISGS, a través da FBGS:

- Realizar a achega económica ao Servizo Galego de Saúde, a través do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, do importe concedido, isto é, cento cinco mil euros (105.000,00 €) brutos a razón de trinta e cinco mil euros (35.000,00 €) brutos anuais durante tres anos (36 meses).
- A axuda poderá prorrogarse por decisión exclusiva da Fundación Científica AECC, con autorización do centro hospitalario, por un período de 1 ano adicional cunha dotación económica de trinta e cinco mil euros 35.000,00 € brutos para ese período adicional. No caso de prorrogarse tanto a axuda como o contrato coa facultativa investigadora, o IISGS, a través da FBGS, realizará a achega do dito importe ao Servizo Galego de Saúde, a través do Complexo Hospitalario de Ourense.
- Colaborar co Servizo Galego de Saúde, a través do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, no seguimento e control da contratación, debendo dar cumprimento ás obrigas

recollidas na Convocatoria e tal como se indica na comunicación de concesión da devandita axuda.

Pola parte do Servizo Galego de Saúde - Complexo Hospitalario Universitario de Ourense -:

- Realizar, cos fondos achegados pola AECC, a través da FBGS, a xestión do contrato coa candidata seleccionada, que deberá estar asinado antes da data límite de comezo: 01.12.2023.
- Remitir copia dos contratos asinados polas partes, facilitados polo Servizo Galego de Saúde, a través do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, á FBGS e á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) no prazo máximo de 15 días naturais trala súa sinatura.
- Facer referencia expresa no contrato ó N° de Expediente, retribución, tipo de xornada, horas e demais circunstancias, dando cumprimento ás condicións indicadas na convocatoria e na súa resolución.
- Asumir as cotas empresariais á Seguridade Social e resto de gastos da contratación, entre os que se atopa a indemnización por fin de contrato, cubertos pola subvención.
- Comunicar calquera incidencia que se orixine nos contratos tan pronto como esta se produza (interrupción dos contratos por maternidade, adopción, incapacidade temporal, etc...).
- Formalizar, asociados a este contrato, servizos de garda de vinte e catro (24) horas ou fraccións, sempre que non superen as noventa e seis (96) horas mensuais, co visto bo do Xefe/a de Servizo de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, incluíndo a actividade asistencial de máximo un (1) día á semana, que non compute dentro da axenda asistencial do centro hospitalario. A actividade asistencial deberá enmarcarse na temática do proxecto de investigación. A actividade asistencial realizada mensualmente será xustificada ao finalizar cada anualidade mediante un certificado emitido polo Centro.

Terceira.-Condicións de pago

As achegas económicas que se efectúen por parte da AECC, a través da FBGS, e que proveñen da convocatoria Clínico Junior en el Territorio AECC 2023 de concesión de axudas para Facultativos Investigadores, destinaranse a sufragar os gastos derivados da contratación da candidata que estableza a comunicación definitiva do órgano concedente.

En concreto, o IISGS, a través da FBGS, achegará cento cinco mil euros 105.000,00 € brutos, a razón de trinta e cinco mil euros (35.000,00 €) brutos anuais ó número de conta que ten aberta o Servizo Galego de Saúde [ES75 0081-5363-29-0001087413], durante tres anos, para a cobertura dos gastos salariais, entre os que se atopa a indemnización por fin de contrato, e de cotización á Seguridade Social derivadas da contratación da Investigadora.

De igual modo procederáse no caso de prorrogarse pola AECC e o contrato coa investigadora por un período dun ano, como máximo, adicional.

O primeiro pago consistente en trinta e cinco mil (35.000,00 €) destinados á primeira anualidade da Axuda será realizado no prazo máximo de un (1) mes dende a entrada en vigor deste convenio. Os abonos relativos ás seguintes anualidades levaranse a cabo logo da aprobación da Fundación Científica AECC dos seguimentos científicos, económicos e divulgativos anuais presentados pola Investigadora.

En caso de que, por calquera causa, o convenio se resolvase antes do prazo previsto, devolveranse ao IISGS, a través da FBGS, as cantidades percibidas e non executadas ó momento da resolución, xunto coa documentación reflectida na cláusula segunda.

Cuarta.- Duración

Este convenio terá efectos dende a data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase durante os tres anos que dura o prazo de execución da actividade a partir da data de incorporación da adxudicataria ao centro. En todo caso, o contrato permanecerá vixente ata que se cumpran as obrigas previstas no mesmo.

O convenio poderá prorrogarse por decisión exclusiva da Fundación Científica AECC, coa conformidade do IISGS e o centro hospitalario, por un período de 1 ano adicional cunha dotación económica de trinta e cinco mil euros (35.000, 00 €) brutos para ese período adicional.

Quinta.- Réxime Xurídico

O nomeamento como persoal estatutario eventual para a prestación de servizos no Servizo de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, non supón dereito algún a acceder a unha praza do cadro de persoal da institución ou a un vínculo de carácter fixo ou permanente, segundo se recolle na Orde de 7 de xuño de 2021 pola que se regulan as modalidades dos nomeamentos de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia.

Sexta.- Comisión de seguimento

O seguimento das accións que o convenio contempla, levaranse a cabo a través dunha comisión de seguimento que estará constituída por dous representantes designados polo Servizo Galego de Saúde e pola FBGS, ó obxecto de avaliar o desenvolvemento das actividades derivadas do Convenio e o seu grao de cumprimento.

Por parte da Fundación Biomédica Galicia Sur:

A Directora da Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS).

Por parte do Servizo Galego de Saúde:

A Directora da Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria da ACIS.

Asemade, serán funcións da citada comisión de seguimento, interpretar e resolver cantas dúbidas e discrepancias puideran xurdir no cumprimento deste convenio, así como todas aquelas cuestións que se formulen na execución do mesmo, fixando os criterios de seguimento e avaliación dos resultados.

Sétima.- Xustificación

O Servizo Galego de Saúde responderá directamente fronte á FBGS do cumprimento da obriga de destinar, no prazo previsto, as cantidades detalladas na cláusula terceira, para a realización das actuacións previstas neste convenio.

O centro remitirá á FBGS, ao remate da última anualidade da presente axuda, un certificado dos gastos efectuados con cargo ao proxecto dende o inicio ata o final da Axuda, xunto con copia de todos os xustificantes económicos (Recibo de Liquidación de Cotizacións-RLC, Relación Nominal de Traballadores-RNT, nóminas e xustificantes de pago).

Se, como consecuencia do incumprimento das obrigas do Servizo Galego de Saúde, a FBGS se vira obrigada a devolver ó órgano concedente unha parte ou a totalidade da cantidade achegada, aquel comprométese a restituír dito importe á Fundación, cos intereses de demora que, no seu caso, puideran proceder en dereito.

Oitava.- Publicidade

Deberase dar a axeitada publicidade do carácter público da actividade subvencionada, indicando, se fose o caso, o cofinanciamento con fondos europeos ou doutras Administracións públicas, de acordo co establecido nos regulamentos da Unión Europea.

En concreto, no contrato laboral que se formalice ao abeiro do presente acordo, deberase incluír a seguinte información:

- Logo do Servizo Galego de Saúde - Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.
- Logos IISGS-FBGS.
- Logo da AECC como entidade responsable do apoio económico ao contrato e proxecto de investigación concedido a dona Carme García Benito (nº expediente: CLJUN235180GARC)

Novena.- Cuestións litixiosas e xurisdición

O presente acordo someterase e interpretarase conforme á lexislación española. Para a solución das diverxencias que puideran xurdir na interpretación, execución ou validez do mesmo, as partes someteranse á xurisdición e competencia dos xulgados e tribunais españois, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade co íntegro contido do presente Convenio, as partes o asinan, en Santiago de Compostela, no día e lugar consignado no seu encabezamento.

Pola Fundación Biomédica Galicia Sur

Polo Servizo Galego de Saúde

Asdo. D. Francisco Javier Puente Prieto

Asdo. D. Julio García Comesaña